

FOLLA INFORMATIVA SOBRE A GARDA E CUSTODIA DO ALUMNADO QUE UTILIZA O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

A Consellería de Educación decidiu este curso regular a garda e custodia dos alumnos que utilizan o transporte e chegan ao centro antes do comezo das clases.

O horario de garda e custodia comezará ás 8 horas e 40 minutos, vinte minutos antes do comezo das clases, e concluírá ás 14 horas e 10 minutos, unha vez que o transporte abandone o colexio.

Dado que o número de alumnos que empregan o transporte escolar é inferior a 50 corresponde que a garda e custodia a faga cada día **1 SÓ MESTRE**.


O mestre de garda, como indica a orde da Xunta (23-06-2011), **custodiará UNICAMENTE os alumnos que utilizan o autobús escolar.**

Calquera pai ou nai que queira deixar o seu fillo antes da hora de entrada deberá deixalo no PLAN MADRUGA, onde terá que anotarse previamente.

Se o pai ou nai decide permanecer co seu fillo ou filla dentro do recinto escolar, ten que facerse responsable da súa custodia e vixiancia posto que o mestre de garda non ten obriga de custodialo por non ser alumno do transporte.

Confiamos na colaboración das familias no cumprimento destas instrucións. Do contrario teriamos que seguir ao pé da letra as indicacións da inspección que recomendan manter pechadas as portas do recinto ata a hora de entrada.

Por razóns operativas, o espazo de permanencia dos alumnos do transporte antes e despois das clases será restrinxido á zona cuberta da entrada do recinto. Non se permitirá acceder á pista de deportes nin a calquera outra zona fóra da delimitada.



* As zonas de vixiancia son as sombreadas

